



Atopémonos bailando

Programa de reactivación e impulso ás artes escénicas subvencionado por Agadic e apoiado polo Concello de Lugo



www.colectivoglovo.com



Atopémonos bailando é o proxecto de reactivación de espectáculos de **Colectivo Glovo** apoiado polo **Concello de Lugo** e subvencionado pola **Agadic** a través das axudas ao Impulso do Sector Escénico da Xunta de Galicia.

Atopémonos bailando reúne a compañías emerxentes da danza contemporánea de Galicia no Concello de Lugo, arroupados polas palabras de Sabela Mendoza e a mirada de Nieves Neira Roca: Alejandra Balboa, Cía Exire (Alba Fdez Cotelo e Estefanía Gómez), Elahood (Julia Laport e Sabela Domínguez), Alba Fernández Cotelo, Colectivo Glovo (Esther Latorre e Hugo Pereira) e Cris Vilariño.

Atopémonos bailando realizou no 2020 unha residencia de reactivación do espectáculo *M A P A* tras a parada provocada pola COVID 19 para unha posta a punto ante a xira do 2021 do espectáculo. Ademais dispón dun programa de mediación co público de Lugo: obradoiros para diferentes públicos, charlas cxs creadorxs, exhibición de espectáculos ou a realización de crónicas culturais sobre os seus contidos.

Resumo do programa 2021:

Obradoiros

- Día **13 de abril** de 17.30h a 19.30h. Obradoiro de Cris Vilariño en Escola Palimoco. Público destinatario nenas e nenos de 9 a 12 anos.
- Día **17 de abril** de 10h a 11.30h. Obradoiro de Alejandra Balboa no MIHL. Para todos os públicos.
- Día **17 de abril** de 12h a 13.30h. Obradoiro de Elahood no MIHL. Iniciación ao Waacking.
- Día **17 de abril** de 16h a 17.30h. Obradoiro de Cía Exire no MIHL. Público destinatario estudantes de danza

Programación

- Día **16 de abril** ás 20h. Funcións de Alejandra Balboa, Elahood e Cía Exire. Auditorio Municipal de Lugo
- Día **17 de abril** ás 20h. Funcións de Cris Vilariño, Colectivo Glovo e Alba Fernández Cotelo. Auditorio Municipal de Lugo

PROGRAMA COMPLETO

OBRADOIROS

·Día 13 de abril de 17.30h a 19.30h

Obradoiro *Corpo presente* de Cris Vilariño

Lugar: Escola Palimoco

Aberto a todas as persoas que estean interesados en investigar sobre a consciencia corporal e o movemento. Práctica baseada na técnica xaponesa de Body Weather, un traballo de presenza, saíndo de calquera movemento cotián para adestrar a presenza e escoita corporal e a relación corpo-espazo.

Tipo de público: Nenas e nenos de 9 a 13 anos

·Día 17 de abril de 10h a 11.30h

Obradoiro de Alejandra Balboa

Lugar: MIHL

A clase/taller pódese adaptar a calquer tipo de público: infantil, adultos, danzantes e non danzantes. Será un intercambio entre a miña visión da danza, xunto coas infinitas expresións de cada unha das persoas que poñen en práctica as propostas dadas.

Traballaremos o corpo dende a súa natureza, honestidade e sinxeleza. Exploraremos as posibilidades de movemento e de que forman se ven transformadas por elementos coma o tempo, o peso, ou incluso o propio imaxinario.

Tipo público: para todos os públicos.

·Día 17 de abril de 12h a 13.30h.

Obradoiro de Elahood

Lugar: MIHL

Iniciación ao Waacking. O Waacking é un estilo de danza urbana que nace a principios da década dos 70 na costa oeste dos Estados Unidos. Xorde dentro da comunidade homosexual afroamericana e latina, principalmente de homes, nas discotecas onde comezaba a soar a música Disco. Tendo en conta a situación marxinal que este colectivo sufría neste momento histórico, utilizaron a danza coma un método de liberación e expresión da súa individualidade e orientación sexual. Segundo un dos pioneiros que se adica a día de hoxe a compartir a cultura, Tyrone Proctor, os elementos principais que compoñen este estilo son: a música Disco Underground, as actuacións dos Drag Queens e as estrelas cinematográficas dos anos 20 ós 60 coma Greta Garbo ou Marilyn Monroe; das que se inspiraban para crear as súas poses e xerar movemento.

Tipo público: para todos os públicos.

·Día 17 de abril de 16h a 17.30h.

Obradoiro Ferramentas das Danzas Urbanas e a Danza Contemporánea de Cía Exire

Lugar: MIHL

Tipo público: estudantes de danza do conservatorio e escolas privadas de danza e teatro de Lugo.

INSCRICIÓNS: Enviar nome, apelidos, email, teléfono de contacto, idade e número de DNI a colectivoglovo@gmail.com indicando o obradoiro/s no/s que se está interesado.

FUNCIÓNS

VENRES 16 DE ABRIL*

Auditorio Gustavo Freire · 20h.

Alejandra Balboa

Espectáculo *Vertebrata* (10')



Non permito que nada entre en min sen retumbar, sen controlar a intensidade coa que habitan, chocan e incluso explotan. Ás veces parece que descansan, pero enseguida percorren todo o espazo que poden para facerse de notar.

Limitome a tentar apaga-las. Penso, ilusa, que cando me volten pellizcar, entederei-nas con claridade.

Pero non. Non consigo que durman.

Me temo que a miña paz quedará reducida aos pequenos momentos nos que o aire consiga entrar e saír do meu corpo sen dificultade.

Creación e interpretación: Alejandra Balboa

www.alejandrabalboa.com

Elahood

Espectáculo *Impermeable* (10')



Impermeable explora o illamento social, a construción de barreiras que nos imposibilitan a conexión co noso arredor e o ruído enredado detrás de tódalas capas postas por otre e un misme.


1. [substancia, material] Que non permite o paso da humidade, a auga ou outro líquido.
2. [persoa] Que é indiferente a unha emoción ou un sentimento.

Creación e interpretación: Sabela Domínguez e Julia Laport

<https://elahoodance.wixsite.com/elahood>

Cía. Exire

Espectáculo *NEXOS* (15')



Nexos, desvélanos a complicidade que existe entre dúas persoas, as suas memorias compartidas, a búsqueda incesante desa lembranza que as sostén no tempo.

Creación e interpretación: Alba Fernández Cotelo e Estefanía Gómez

www.ciaexire.com

SÁBADO 17 DE ABRIL*

Auditorio Gustavo Freire · 20h

Cris Vilariño

Espectáculo *Cyan* (15')



Cyan é unha cor, a cor do ceo, a cor da terra dende o ceo. É unha cor estraña difícil de conseguir na natureza, aínda que estea en todas partes. Bailar é Cyan, está en todas partes, pero ás veces é difícil de atopar, Bailar cyan é unha forma de enfentarse a vida, de buscar a danza, de por os ollos nun lugar, nunca búsqueda e deixar de mirar noutros.

Creación e interpretación: Cris Vilariño

Colectivo Glovo

Espectáculo *M A P A* (15')



Mapas doutros corpos

Intercepta a liña

Continúa, estás dentro

Non temas, a Natureza aborrece o baleiro

Como ondas do océano querendo ser océano

Así somos

Continúa

Sígueme

Eu te sigo

A peza xurde como unha necesidade de investigación de movemento, baseado no mundo dos refuxiados e das fronteiras. Barreiras fronteirizas que, durante séculos, colocamos entre mundos, países e persoas. Esta distancia, real e hipotética, sitúa a ambos intérpretes nunha relación de aproximación e alonxamento, de poder e de sublevación, compartindo unha mesma premisa común: a imposibilidade de fronteira con nós mesmos.

Esta relación convirte ao intérprete en rebelde, débil, compasivo, agresivo, obediente e invasivo co outro, dando como resultado unha relación visceral humana. Preguntámonos, ¿que lles pasa aos homes que na violencia sobrepasan o interdito?

Creación e interpretación: Esther Latorre e Hugo Pereira

www.colectivoglovo.com

Alba Fernández Cotelo
Espectáculo ON (10')



De súpeto, un só dedo acende cada parte do meu corpo. A súa enerxía leva ás miñas vísceras a experimentar unha sacudida tan potente como a forza mínima que provoca violentos furacáns. Son os xestos sutís que envolven a atmosfera de caricias e enerxía vital. Invítote a que entres no meu corpo sen ter compaixón. Entrás e percorres, observas, explosionas. Ven, ven... Mece o meu corpo, para que se mova diferente, e me transporte a outro lugar.

Dirección, creación e Interpretación: Alba Fernández
Fotografía e vídeo: Raquel Castro
Asesoramento artístico: Bárbara Monteagudo e Carmen Cotelo
Producción e Distribución: Artestudio Xestión Cultural

www.ciaexire.com

*Aos asistentes ás funcións coas súas entradas entregaráselles un exemplar do libro de **Sabela Mendoza** *O público está aquí*, Estraperlo Eds. colaboración da autora e a editorial co proxecto *Atopémonos bailando*. Se o número de asistentes é superior ao número de exemplares disponibles, realizarase un sorteo diario.



Nieves Neira Roca realizará un percorrido por todas as actividades do programa para crear un texto documental de xornalismo cultural arredor da proposta.



ACTIVIDADES REALIZADAS NO 2020



Vídeo resumo das actividades realizadas no 2020: <https://vimeo.com/518302619>

TRAXECTORIA COLECTIVO GLOVO

Colectivo Glovo nace no 2016 baixo a dirección de Esther Latorre (España) e Hugo Pereira (Portugal), xerando así un espazo de creación onde ambos, intérpretes e coreógrafos, desenvolven conxuntamente a súa faceta máis imaxinativa.

Residentes en Galicia dende 2019, traballan na creación da escena tanto para teatros coma espazos non convencionais, xa que un dos seus principais obxectivos coma compañía é aumentar as dimensións do alcance das dinámicas do corpo.

Glovo admite a súa paixón pola linguaxe do movemento e persegue a investigación das novas expresións escénicas partindo do propio corpo sen límites establecidos.

Ademáis, e paralela a esta faceta creativa, a cía. busca aportar semente ao tecido artístico presente na comunidade xerando espazos de colaboración com outras agrupacións e artistas procurando o achegamento entre o maior número de creadores, intérpretes e mentes-corporo inquedas.

Dende a súa fundación no 2016, Colectivo Glovo percorreu diferentes países coma España, Portugal, Italia ou México, entre outros. Coa súa primeira peza M A P A, recibiu mencións en festivais coma Corto In Danza (Italia), La Espiral Contemporánea (Santander), así como o premio do público no Certame Coreográfico Internacional de Solos e Dúos Sólodos En Danza (Ourense) ou o Primeiro Premio no Certamen Coreográfico Internacional de Burgos & New York – Bailando con pedras.

Formou parte do circuito Red Acieloabierto 2020 e dende 2018 colabora coa firma de moda Adolfo Domínguez (Premio Nacional de Deseño de Moda 2019).

www.colectivoglovo.com